



1. Poderán participar todas as alumnas e alumnos do Colexio que o desexen, dende 5º de Educación Primaria ata 2º Bacharelato, agrupados nas seguintes categorías:

- I. Educación Primaria: 5º e 6º.
- II. Educación Secundaria: 1º, 2º 3º.
- III. Educación Secundaria e Bacharelato: 4º, 1º e 2º de bacharelato.
- IV. Premio Filípides/Fran Maudes: Todo o alumnado.

2. O Concurso da Maratón consiste na contestación e entrega, de forma individual, das preguntas correspondentes á categoría á cal pertence o alumno. Tamén é posible participar na categoría Filípides/Fran Maudes entregando as preguntas das tres categorías. Non se pode presentar mais que a unha categoría

3. A Maratón de preguntas será entregada a través da plataforma teams (de xeito excepcional, se existise algún impedimento, poderíase aceptar a entrega do solucionario a través do correo fernando.rodriquez@colegioapostol.com ou ben imprimida en papel e entregada en prazo a Fernando Rodríguez López.

4. Para poder participar no Concurso da Maratón NON é necesario ter respondido a todas as preguntas.

5. Os traballos con maior número de respostas acertadas da Maratón terán os seguintes premios en cartos (no caso de empate haberá reparto de premios).

	I CATEGORÍA	II CATEGORÍA	III CATEGORÍA	IV CATEGORIA
1º Premio	60	60	60	70
2º Premio	50	50	50	60
3º Premio	40	40	40	50
4º Premio	30	30	30	40
5º Premio	20	20	20	30
6º Premio	10	10	10	20

Tamén haberá 20 premios de 5 euros que se entregarán a sorteo entre os participantes do Maratón (deben ter, alomenos, a metade das preguntas contestadas correctamente).

6. As respostas do Concurso Maratón serán realizadas na folla oficial preparada a tal efecto e que estará a disposición de todas as alumnas e alumnos em teams (como tarefa e nun documento word.exe no que se pode contestar directamente e enviar unha vez finalizado).

7. O prazo de entrega do Concurso Maratón remata o día 23 abril, venres, ás 14:00. A relación dos traballos premiados publicaráse na páxina web do Colexio. O alumnado que resulte premiado recibirá os cartos persoalmente pola supresión da Gala de Premios debido ao andazo da Covid.

8. O feito de participar no Concurso Maratón presupón a aceptación das normas do mesmo.